

Contidos para o Primeiro Curso de Bacharelato

A. Conceptos

I. A música cotiá

- A música na vida cotiá. Diversidade de lugares e situacións. A música de fondo. Música ambiental nos distintos espacios.
- Manifestacións e referencias visuais da música: portadas e material gráfico que acompañan ós discos e outros tipos de gravacións.
- O mercado do disco.

II. Creación e difusión da música

- A edición de partituras. A gravación da música. A comercialización de produtos musicais.
- A programación da música na televisión.
- A programación da música nas emisoras de radio.
- A fabricación de instrumentos. Os talleres artesanais e industriais.
- A música no cine: A banda sonora orixinal. O musical.

III. A obra musical

- A ópera. Orixe e evolución. Características. Principais representantes de cada época.
- Música e literatura. Relación entre ambas artes ó longo da historia ata ós nosos días (o lied, ópera, poemas sinfónicos, suites, rap, musicalización de poemas...).
- A música instrumental e vocal ó longo da historia: estilos, períodos, características de cada estilo, representantes, instrumentos.. Relación con outras correntes artísticas e filosóficas da época.
- Distintas correntes da música popular actual: O Folk, a música Celta, O Hip-hop. A música latina...
- O Rock. Orixe e historia. Principais características e representantes, nacionais e internacionais das distintas décadas.

IV. *A práctica musical*

- Posibilidades expresivas da voz. O repertorio vocal. Cancións a unha e varias voces, en canon e a terceiras, con e sen acompañamento instrumental.
- A canción. Elementos constitutivos (motivos, frases...) O texto musical.
- Recursos para a instrumentación de pezas. Acompañamentos. Variedade tímbrica dos instrumentos e posibilidades expresivas.
- O corpo como emisor de mensaxes. O movemento e a danza como medio de comunicación.
- Linguaxe musical: repaso dos conceptos adquiridos nos cursos anteriores e ampliación dos mesmos (tipos de intervalos, tonalidades maiores e menores, a modalidade, acordes e bases da harmonía...)

B. *Procedementos*

I. *A música cotiá*

- Análise dos espectáculos e cerimoniais públicas nos que está presente a música, atendendo á finalidade do espectáculo, lugar ou estilo de música e a participación dos espectadores.
- Reflexión acerca da expresión musical na nosa vida cotiá: actividade privada, persoal, familiar, de relación con amigos, no instituto, etc... e estilo de música para cada situación.
- Análise dos distintos medios audiovisuais (radio, televisión, vídeo, ordenador...) para coñecer e analizar o uso que se fai da música neles.
- Traballo de investigación relativo ós estilos de música de fondo utilizados en distintas situacións e lugares (tendas, bares, supermercados, etc...)
- Busca de imaxes nas que aparezan determinados produtos comerciais que sexan susceptibles dun comentario musical.
- Indagación sobre os recursos musicais que ofrece a nosa comunidade.

II. *Creación e difusión da música*

- Imanexo de diversos textos musicais (manuscritos, impresos) para coñecer a súa importancia na difusión da música no pasado e no presente.
- Análise comparativa das programacións de música nas distintas emisoras de radio e televisión.
- Análise de revistas discográficas e traballo sobre as deducións do análise (prezos por estilos, estilos máis ou menos comerciais, público ó que se destina cada estilo...)

- Creación de carátulas orixinais para CDs acordes coas características do estilo que elixa cada alumno.
- Creación de horarios de programas musicais en diferentes medios audiovisuais.
- Análise musical de películas destacadas pola banda sonora .
- Audición de concertos *in situ*, documentándose antes da asistencia e facendo unha valoración crítica posterior.

III. *A obra musical*

- Audición global de obras representativas.
- Análise dalgunhas composicións mediante a audición. Recoñecemento dos elementos estruturais que constitúen a súa forma musical. Indicación dos trazos característicos do estilo de cada autor.
- Utilización de partituras e doutros recursos musicais que faciliten a comprensión da forma ou do estilo da obra.
- Lectura e comentario de textos significativos referentes a obras de autores estudados ou tratados.
- Utilización de diversas fontes de documentación para a elaboración de traballos nos que se establezca unha relación entre determinadas obras musicais e a súa presenza na vida musical actual.
- Interpretación de pezas, fragmentos ou versións adaptadas de obras que fomenten a creatividade e faciliten a súa comprensión.

IV. *A práctica instrumental*

- Práctica dun repertorio vocal histórico e moderno a unha ou varias voces.
- Aplicación de destrezas instrumentais (láminas, percusión...) para interpretar determinadas pezas e para realizar acompañamentos.
- Utilización de recursos como relaxación, respiración natural e emisión da voz para a expresión vocal.
- Creación de coreografías orixinais.
- Composición de cancións, invención de acompañamentos, ritmos e coreografías.
- Participación na organización e montaxe de recitais ou outras actividades que requiran a presenza do musical.
- Gravacións de interpretacións tanto vocais como instrumentais e análise crítica das mesmas.

C. *Actitudes*

I. *A música cotiá*

- Interese por coñecer e respecta-las normas que rexen o comportamento dos espectadores nos distintos espectáculos musicais.
- Valoración da vida musical no contorno. Variedade, calidade, participación dos cidadáns.
- Interese polo coñecemento analítico dos medios audiovisuais máis alá do simple uso.
- Interese por reflexionar acerca da participación musical dos individuos na sociedade: familia, instituto e outros lugares.

II. *Creación e difusión da música*

- Interese por coñece-las posibilidades musicais das novas tecnoloxías.
- Aprecio pola partitura como recurso para a difusión da música.
- Curiosidade por coñece-lo proceso de construción artesanal de instrumentos.
- Actitude crítica ante a programación musical nos medios de comunicación e a aceptación do público.
- Apertura cara xéneros cinematográficos menos comerciais.
- Valoración da música como disciplina ó servizo doutras linguaxes.
- Actitude crítica ante o fenómeno comercial da música.
- Actitude crítica ante o uso indiscriminado de fragmentos de obras musicais con fins extramusicais.

III. *A obra musical*

- Interese pola participación activa nos comentarios e traballos relativos á análise da música.
- Sensibilidade ante as obras e autores que constitúen o noso patrimonio musical.
- Valoración dos distintos sentimentos e ideas que suscitan na nosa sociedade as obras do pasado e do presente.
- Sensibilidade ante outros espectáculos de masas doutras culturas e épocas.

IV. A práctica musical

- Respecto polas interpretacións vocais e instrumentais dos compañeiros.
- Interese por se-lo intérprete da peza e non só o espectador.
- Actitude positiva na aprendizaxe das distintas actividades de expresión musical
- Aceptación das normas que rexen o traballo expresivo en grupo.
- Interese pola autonomía e responsabilidade nas montaxes de recitais e outras actividades.